

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VALORIZACIÓN DOS RECURSOS TURÍSTICOS NO XEODESTINO nº12 MANZANEDA – TREVINCA

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 1, 15896, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.



Doutra, don Rosendo L. Fernández Fernández, presidente do **Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social**, e en virtude das facultades que lle outorga o artigo 12 dos Estatutos deste organismo autónomo administrativo, dependente da Deputación Provincial de Ourense.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o INORDE aprobou a subscrición, con todos os concellos que integran o xeodestino turístico nº 12 Manzaneda - Trevinca dun convenio de colaboración para a execución



das actuacións dunha primeira fase do Plan Director do xeodestino. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio

Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

Que de acordo cos estatutos do INORDE o obxectivo da entidade é a promoción, o desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e

fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade régulanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

A maior parte dos catorce xeodestinos delimitados poden considerarse destinos turísticos consolidados, con experiencia no desenvolvemento de plans de competitividade e dinamización turística e para quen o turismo representa unha actividade cun enorme potencial e un grande peso na súa economía.

Co fin de consolidar e planificar unha estratexia de desenvolvemento turístico nesta área no ano 2016 aprobouse o plan director do xeodestino Manzaneda-Trevinca onde se priorizaban as liñas de acción para potenciar os diversos recursos turísticos da área e se determinaba un cronograma de tres anualidades para á súa execución. Coa sinatura desde convenio Turismo de Galicia quere contribuir a potenciación e desenvolvemento deste xeodestino. Asemade procurárase que as accións desenvolvidas a través deste convenio, contribúan á sensibilización tanto dos visitantes como dos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor os recursos naturais, culturais e enogastronómicos que teñen unha clara proxección turística co correspondente beneficio económico para a zona.

Cuarto.- Que concorren aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, posto que se trata dunha zona que é un referente en Galicia en turismo de natureza Galicia e cun gran potencial turística baseado no patrimonio natural, sendo o INORDE a única entidade coa que asinar o presente convenio. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Así mesmo, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o Consorcio Turismo Ribeira Sacra a única entidade que pode realizar as actuacións obxecto do presente convenio.

En consideración ao anteriormente exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases da colaboración técnica e económica entre o **INORDE** e a Axencia de Turismo de Galicia para a realización de actividades de promoción turística do xeodestino n **12 Manzaneda - Trevinca** a través da realización das seguintes accións:

- 
1. **Formación dos recursos humanos:** accións de formación en atención ó cliente, comercialización, marketing, guías- intérpretes e novas tecnoloxías.
 2. **Plataforma web:** actualización e mantemento da páxina web do xeodestino
 3. **Accións de e-mail márketing, redes sociais e reputación on line.**
 4. **Plan impulso de ecoturismo, turismo industrial e turismo cultural.**
 5. **Material divulgativo:** elaboración e edición de material para divulgar e promocionar os recursos do xeodestino
- 



6. **Promoción e comercialización:** Redacción do plan de promoción e comercialización. Elaboración do plan de viaxes de familiarización para profesionais de venda do xeodestino. Acordos con diferentes operadores turísticos. E en canto a feiras, axudas a promoción en eventos locais (feiras de produtos autóctonos, eventos deportivos e culturais), en Intur (Valladolid) e un stand permanente en Expoureuse.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cento vinte e dous mil euros (122.000,00 €), co desagregamento incluído no anexo, dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), con cargo á aplicación 04A2.761A.760.3 dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma na que existe crédito adecuado e suficiente, e que se aplicarán para o pago dos gastos que se relacionan no anexo I.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

O INORDE achegará oitenta e sete mil euros (87.000,00 €) habilitando a partida orzamentaria correspondente que se dedicarán ao financiamento das accións descritas nos apartados 5, 6 e 7 da cláusula primeira.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €), que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 04A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do presente exercicio económico dotada con fondos da Comunidade Autónoma.

Cuarta.- Compromisos do INORDE.

- Diseñar, coordinar e executar as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.

- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.

- Promocionar a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración (folletos, publicacións e demais documentación).

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.


- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un



período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribíbles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.

- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistro públicos.
- O resto de obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

Quinta.- Xustificación da subvención e gastos subvencionables

- 
1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que o **INORDE** deberá presentar:
 - Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
 - Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.
 - Certificación emitida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo



as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais; no seu caso achegaranse os tres orzamentos que en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
- Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.
- Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.
- Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados destes.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2018.

3. O prazo para xustificar por parte do INORDE a aplicación dos fondos percibidos remata o **15 de decembro de 2018**. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e a Xunta de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte ao disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Sexta.- Pagamentos anticipados

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia O INORDE queda exonerado da constitución de garantía

Sétima- Comisión de seguimento

Para o seguimento do desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e propondrá cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio. A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as

actuacións realizadas desde o **1 de xaneiro de 2018**. O INORDE como entidade executora e xestora das actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, das finalidades propias do Convenio.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio, que está suxeito ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que sexa de aplicación.

Décima.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Undécima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Duodécima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.


En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia


Polo INORDE,

A directora de Turismo de Galicia

O presidente



Mª Nava Castro Domínguez



Rosendo L. Fernández Fernández

ANEXO I

ACTUACIÓNS	IMPORTES
1. FORMACIÓN DE RECURSOS HUMANOS	20.000,00 €
2. PLATAFORMA WEB	7.000,00 €
3. ACCIÓNS DE EMAIL MARKETING, XESTIÓN BLOG, REDES SOCIAIS E REPUTACIÓN ON LINE	8.000,00 €
<i>Subtotal turismo de Galicia</i>	<i>35.000,00 €</i>
5. PLAN IMPULSO: ecoturismo, turismo industrial, e turismo cultural.	50.000,00 €
6. MATERIAL DIVULGATIVO	15.000,00 €
7. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN	12.000,00 €
<i>Subtotal INORDE</i>	<i>87.000,00 €</i>
Total convenio	122.000,00 €